



Vigo, 19 de xuño de 2015

CIRCULAR Nº 10/2014-2015 A TÓDOLOS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS (1º a 5º)

□ ENTREGA DE BOLETÍNS DE CUALIFICACIÓN

O venres día 19 de xuño entregaranse os boletíns de cualificación correspondentes ao terceiro trimestre e á avaliación ordinaria do curso. Lembra que tes que devolver asinado o comprobante de entrega dentro da funda plástica, ben no mes de xuño ou ao inicio do curso, en setembro.

As familias dispoñen dun prazo de cinco días para presentar, mediante escrito dirixido ao Director, reclamacións contra a cualificación de **final de ciclo - curso** atendendo a algún dos motivos determinados pola normativa vixente.

□ COMEDOR CURSO 2015-2016

Lembrámoslles que ata o trinta de xuño, todo o alumnado solicitante de praza de comedor, deberá entregar na secretaría do centro a documentación que xa lles foi comunicada na circular específica do servizo, entregada o 9 de xuño.

O alumnado que non foi usuario do servizo de comedor do CEP Dr. Fleming durante o curso 2014/2015 será baremado a finais de xullo, unha vez concluído o proceso de escolarización. O alumnado admitido, logo da publicación das listaxes definitivas, deberá completar a súa documentación antes do 10 de setembro.

Tedes máis información na nota informativa de comedor que se achegou polos rapaces o martes 9 de xuño e na páxina web do centro <http://centros.edu.xunta.es/cep Fleming>

□ AXUDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO PARA O CURSO 2015-2016

Aínda está sen publicar no BOE a convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2015-2016. Descoñécese o prazo de entrega, polo que as familias interesadas deben estar pendentes desta publicación xa que requiren certificación da dirección do centro e da inspección.

□ LIBROS DE TEXTO CURSO 2015/2016

Estamos pendentes da autorización por parte da Xefatura Territorial da Consellería para o cambio de libros de texto. En canto teñamos a citada autorización publicaremos, no taboleiro de anuncios do Centro e na páxina web (<http://centros.edu.xunta.es/cep Fleming>), a relación de libros de texto para o curso 2015/16. Estade atentos á publicación.

Os vales polo importe das axudas establecidas pola Consellería de Educación para 1º, 2º, 4º e 6º curso poden recollerse na secretaría do colexio a partir do día 2 de xullo, en función da orde de recepción de solicitudes.

Se é o caso, a asignación dos libros dispoñibles no centro para 3º e 5º curso farase, no mes de setembro, por orde inverso á renda per cápita da unidade familiar (7 de xullo publicación da relación provisional das solicitudes admitidas e excluídas // 8 e 9 de xullo reclamacións contra o listado provisional //15 de xullo publicación da relación definitiva das solicitudes admitidas e excluídas)

Tedes máis información na circular nº 8 que se achegou polos rapaces o xoves 4 de xuño e na páxina web do centro <http://centros.edu.xunta.es/cep Fleming>

□ HORARIO DE SECRETARÍA

A secretaría do colexio permanecerá aberta, en horario de 9 a 13 horas, ata o día dez de xullo e, no mes de setembro, desde o martes día un.

Segue ao dorso



INICIO DO CURSO 2015-2016

A Orde do 8 de xuño de 2015 regula o calendario escolar para o curso 2015-2016, atendendo á mesma, o primeiro día lectivo do próximo curso organizarase do seguinte xeito:

O inicio de curso para o alumnado será o **xoves día 10 de setembro**, sendo o horario de entradas o seguinte

9:15 HORAS: ALUMNADO DE 5º e 6º CURSO

- Alumnado de nova incorporación, alumnado de 5º e repetidores de 6º: entrarán á sala de usos múltiples pola porta do patio de lecer de 1º e 2º curso.
- Alumnado de 6º que cursou 5º no CEP Dr Fleming: entrará directamente ás mesmas aulas que tiveron en 5º pola porta inferior (Romil).

10:00 HORAS: ALUMNADO DE 3º e 4º CURSO

- Alumnado de nova incorporación, alumnado de 3º e repetidores de 4º: entrarán á sala de usos múltiples pola porta do patio de lecer de 1º e 2º curso.
- Alumnado de 4º que cursou 3º no CEP Dr. Fleming: entrará directamente ás mesmas aulas que tiveron en 3º pola porta inferior (Romil).

11:00 HORAS: ALUMNADO DE 1º e 2º CURSO

- Alumnado de nova incorporación, alumnado de 1º e repetidores de 2º: entrarán á sala de usos múltiples pola porta do patio de lecer de 1º e 2º curso.
- Alumnos de 2º que cursaron 1º no CEP Dr. Fleming: entrarán directamente ás mesmas aulas que tiveron en 1º e pola mesma porta de entrada.

A hora de saída para todo o alumnado será ás 14:00

A partir do día 11 de setembro o horario do alumnado será de 9:00 a 14:00

O servizo de comedor escolar será de 14:00 h. a 16:00 h., iniciando o seu funcionamento o día 10 de setembro.

CONVOCATORIA DE REUNIÓN INFORMATIVAS

Pola presente a Dirección convoca ás familias do alumnado do CEP Dr. Fleming no curso 2015-2016 á reunión informativa, a celebrar na sala de usos múltiples do colexio, na data que se relaciona.

Xoves, 10 de setembro de 2015 (11:30 horas)

- **Presentación do equipo directivo**
- **Xeneralidades do inicio do curso**
 - Calendario escolar. Horario de entradas e saídas
 - Funcionamento do comedor
 - Actividades complementarias e extraescolares
- **Seguridade dos escolares.**
 - Entrada de pais ó colexio. Non permitida en horario docente (secretaría)
 - Peche de portas de acceso. 9:05 horas.
 - Xustificación das faltas de puntualidade e asistencia.
 - Necesidade de comunicación das variacións dos datos persoais.
 - Necesidade de que os nenos teñan unha referencia en caso de ausencia dos pais á saída. Avisos urxencias, non agardar a última hora.
 - Control das saídas en horario escolar.
 - Asistencia en caso de accidente en horario escolar.
- **Organización de espazos**
- **Participación na ANPA**
- **Outras cuestións**

Feliz verán e ánimos para o próximo curso.

O Equipo Directivo.-



Vigo, 12 de xuño de 2015

CIRCULAR Nº 9/2014-2015

A TÓDOLOS PAIS/NAIS DO ALUMNADO DE 6º

ENTREGA DE BOLETÍNS DE CUALIFICACIÓNS E DOCUMENTACIÓN DO ALUMNADO

A normativa actual determina que o documento acreditativo dos estudos cursados é o **historial académico**. Este documento, xunto co boletín de cualificacións, poderá ser recollido na secretaría do colexio polo pai/nai/persoa titora legal do alumnado que finalice a primaria o venres 19 de xuño en horario de 12 a 14 horas. A partir desa data e ao longo do mes de xuño en horario de 9 a 14 horas.

As familias dispoñen dun prazo de cinco días para presentar, mediante escrito dirixido ao Director, reclamacións contra as cualificación de **final de ciclo** atendendo a algún dos motivos determinados pola normativa vixente.

SOBRES DE MATRÍCULA PARA O IES DO CASTRO

As familias do alumnado que fixo a reserva de praza no IES do Castro poden recoller na Secretaría do colexio o sobre de matrícula de 1º de ESO. O prezo do mesmo é de dous euros.

O sobre entregárase na Secretaría do IES do Castro. O día recomendado para a matrícula no 1º curso da ESO é o xoves 25 de xuño. O prazo termina o día 10 de xullo.

O Equipo Directivo.-



CIRCULAR Nº 8/2014-2015
A TÓDOLOS PAIS/NAIS DO ALUMNADO

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO
ADQUIRIDOS CON CARGO ÁS AXUDAS DO CURSO 2014/15

Todos os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán dispoñer dun fondo solidario de libros de texto, que estará integrado por:

- 1.- Todos os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/15
- 2.- Os libros de texto e o material didáctico vixente e útil voluntariamente cedido ao fondo.

OBRIGA DE DEVOLVER OS LIBROS DE TEXTO

Todo o alumnado beneficiario de axudas no curso 2014/15 ten a obriga de devolver os libros de texto no centro docente.

Están exentos da citada obriga o alumnado de 1º e 2º curso de educación primaria, alumnado de educación especial ou alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, cando o material adquirido con cargo ao vale non sexa reutilizable.

LIBROS A DEVOLVER

Todos os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/15, de acordo co artigo 14.d) da Orde do 28 e maio de 2014 (DOG do 30 de maio), pola que se convocan ditas axudas.

CONSECUENCIAS DA FALTA DE DEVOLUCIÓN

A falta de devolución dos libros de texto por parte do alumnado que está obrigado a facelo será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das convocatorias de axudas.

A Consellería iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución dos libros adquiridos con cargo ao vale do curso 2014/15.

ACHEGAS VOLUNTARIAS DE LIBROS DE TEXTO

Aquelas familias que non adquiriron os seus libros de texto con cargo ás axudas do curso 2014/15 poderán ceder de xeito voluntario os mesmos e/ou o material didáctico vixente e útil ao fondo solidario do centro.

PRAZO PARA A ENTREGA

Tanto o alumnado que está obrigado a devolver os libros de texto como aquel que o faga de xeito voluntario deberá entregalos, unha vez feitos os exames, ao seu profesorado titor na semana do 15 ao 19 de xuño.

O Equipo Directivo.-

RESUMO da ORDE do 22 de maio de 2015 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2015/16.

Artigo 2º.-Requisitos.

1. Para ser beneficiario desta axuda e preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado de 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria ou do alumnado previsto na disposición adicional primeira desta convocatoria (alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, matriculado en 3º e 5º curso de educación primaria)
- b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Para o alumnado de educación primaria ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 € Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no artigo 6º desta orde.
- d) Ter devolto os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/15 (o prazo máximo para esta evolución será o 19 de xuño)

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes, segundo o anexo I desta orde, entregaranse en soporte papel preferentemente nos centros docentes en que estea matriculado o alumnado. Presentarase unha solicitude por alumno/a matriculado/a.
2. As axudas serán solicitadas polos pais, as nais, os titores ou os representantes legais do alumnado. Se un alumno/a se traslada de centro, deberá devolver os libros adquiridos con cargo ao vale no centro de orixe.
3. O prazo de presentación de instancias será do 2 de xuño ao 1 de xullo de 2015, ambos inclusive.

Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes poderán obterse nos centros, na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e tamén se poderán descargar en formato pdf do portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.
2. Xunto coa solicitude, presentarase orixinal e copia da seguinte documentación:
 - Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar, coa situación familiar a día 31 de decembro de 2013. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar
 - No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno/a igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 % deberá presentarse documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2013.
 - No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.
3. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.
4. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través do Centro educativo poderá requirir dos solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

Artigo 5º.-Contía das axudas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria concederá as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nesta orde, nos seguintes importes por alumno/a e curso, segundo a renda per cápita familiar no ano 2013:

-Familias monoparentais:

- Renda per cápita familiar ata 6.000,00 € 170 €
- Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 € 90 €

-Resto das familias:

- Renda per cápita familiar ata 5.400,00 € 170 €
- Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 € 90 €

-Alumnado que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos desta orde recibirá un importe de 250 € con independencia da renda per cápita familiar.

Artigo 6º.-Renda per cápita familiar.

1. Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.
2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
Nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.
3. Para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2013 (exercicio fiscal 2013)
4. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2013, para os efectos do cálculo da renda familiar sumararán, os recadros 366 (base imponible xeral) e a 374 (base imponible do aforro) da declaración.

O TEXTO ÍNTEGRO DA NORMATIVA PODE SER CONSULTADO NO DOG do 1 de xuño. O DOCUMENTO DE SOLICITUDE (ANEXO I) ESTARÁ DISPOÑIBLE NA SECRETARÍA DO COLEXIO A PARTIR DO DÍA 3 DE XUÑO.

RESUMO da ORDE do 21 de maio de 2015 pola que se regula o fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2015/16.

Artigo 6º.-Presentación de solicitudes: forma, lugar e prazo

- 1.- Poderán presentar solicitude o/a proxenitor/a ou representante legal do alumnado matriculado ou que se vaia a matricular no curso 2015/2016 nos niveis educativos incluídos nesta orde (no noso caso 3º e 5º curso de educación primaria) sempre que teña devolto os libros de texto ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/15
- 2.- As solicitudes presentaranse en soporte papel preferentemente no centro docente onde estea matriculado ou se vaia matricular o alumnado no curso 2015/2016
- 3.- As solicitudes presentaranse no formulario normalizado do anexo I desta orde.
- 4.- A solicitude é individual, deberá presentarse unha solicitude por alumno/a matriculado/a.
- 5.- O prazo de presentación de solicitudes será do 2 de xuño ao 30 de xuño de 2015, ambos inclusive.
6. A presentación das solicitudes implicará que o/a solicitante acepta as bases da convocatoria, manifesta que reúne os requisitos esixidos nela e que son veraces os datos que constan na mesma; que se compromete a conservar os libros de texto e material recibido en bo estado, e a devolvelos ao fondo solidario de libros de texto ao finalizar o curso 2015/2016

Artigo 7º.-Asignación dos libros

- 1.- O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. O alumnado que estea en tutela ou garda da Xunta de Galicia e o que teña discapacidade igual ou superior ao 65 % terá preferencia para a adxudicación.
- 2.- No caso de cambio de centro, calquera que sexa o motivo do traslado, o alumnado deberá devolver o lote de libros recibido.
- 3.- No caso de novas incorporacións de alumnado unha vez iniciado o curso escolar, o centro entregarlle os libros se os hai no seu fondo solidario.

Artigo 9º.-Determinación da renda per cápita

1. Para os efectos desta orde, terase en conta a renda da unidade familiar do exercicio fiscal de 2013 dividida polo número de membros computables.
- 2.- A renda da unidade familiar obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza
3. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2013, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 366 (base imponible xeral) e a 374 (base imponible do aforro) da declaración.
- 4.- Nos casos de separación legal ou divorcio con custodia compartida computaranse os ingresos de ambos os dous proxenitores.
- 5.- Computaranse os ingresos da persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar co/a proxenitor/a do alumnado.
- 6.- Así mesmo para cálculo da renda familiar computarán por dous os membros que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 %
- 7.- O alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou con discapacidade igual ou superior ao 65 % non terá que acreditar a renda da unidade familiar.

Artigo 12º.-Documentación

1. As solicitudes poderán obterse nos centros, na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e tamén se poderán descargar en formato pdf do portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.
2. Xunto coa solicitude, presentaranse orixinal e copia da seguinte documentación:
 - **Fotocopia do libro de familia** no cal figuren todos os membros da unidade familiar, coa situación familiar a día 31 de decembro de 2013. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar
 - No caso de **discapacidade do/a alumno/a, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar** incluídos na solicitude deberá acompañarse documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2013.
 - No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.
 - Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditada coa resolución xudicial.
 - Tutela ou garda da Xunta de Galicia. Acreditada coa resolución xustificativa do acollemento ou o certificado do centro de menores

3. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.
4. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través do Centro educativo poderá requirir dos solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

Artigo 17º.-Publicación da relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas e reclamacións

- 2.- A relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios e/ou páxina web do centro docente o 7 de xullo de 2015
- 3.- As reclamacións contra o listado provisional poderán presentarse no centro os días 8 e 9 de xullo de 2015
- 5.- A relación definitiva de solicitudes admitidas, e de ser o caso, a de excluídas, publicarase no taboleiro de anuncios e/ou páxina web do centro docente o 15 de xullo.

O TEXTO ÍNTEGRO DA NORMATIVA PODE SER CONSULTADO NO DOG do 1 de xuño. O DOCUMENTO DE SOLICITUDE (ANEXO I) ESTARÁ DISPOÑIBLE NA SECRETARÍA DO COLEXIO A PARTIR DO DÍA 3 DE XUÑO.



A TÓDOLOS PAIS/NAIS DO ALUMNADO DE 3º CURSO

AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA 2015

A Lei orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa dispón no seu artigo 20.3 que os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todo o alumnado de terceiro curso de educación primaria. A realización deste proceso avaliativo na etapa de educación primaria, está determinada en Galicia polo Decreto 105/2014 do 4 de setembro e pola Resolución do 24 de abril de 2015 (DOG do 30).

A **finalidade** da avaliación individualizada é comprobar o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación coa adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

Terá un carácter informativo e orientador. Completa a información que recibe o alumnado, as familias e os centros e orienta as decisións na elaboración de plans que redunden na mellora do proceso educativo.

Data de realización: Mércores 27 e xoves 28 de maio de 2015

Competencias a avaliar: Comunicación lingüística e competencia matemática.

Alumnado obxecto da avaliación: O escolarizado en 3º EP no curso 2014/2015.

Instrumentos para o desenvolvemento desta avaliación

Cadernos de alumnado para cada unha das competencias obxecto de avaliación

Cuestionarios de contexto dirixidos ao profesorado.

Cuestionarios de contexto dirixidos á dirección do centro.

Cuestionarios de contexto dirixidos ao alumnado- familias. Pode cubrirse de dúas maneiras:

- Do 13 ao 20 de maio: En liña.
- Do 27 de maio ata o 1 de xuño: En formato papel. O cuestionario será enviado aos domicilios a través do alumnado o día 27 de maio para que cada familia o cumprimente. Unha vez cuberto o alumnado entregará o mesmo aos seus titores.

Agradecemos a súa colaboración no desenvolvemento desta proba.

O Equipo Directivo.-



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP Dr. Fleming
Rúa Ourense 15
36211 - Vigo
986415447
cep.fleming@edu.xunta.es

galicia

Estimado/a pai, nai ou titor legal,

Por Resolución do 24 de abril de 2015 (DOG do 30 de abril), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dítanse instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada dos alumnos e as alumnas de terceiro curso de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2014-2015.

Esta avaliación ten como finalidade comprobar o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

A citada avaliación enmárcase no contexto do centro educativo no que se produce o proceso de ensino e aprendizaxe. Para isto utilízase o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) do centro educativo.

A achega dos pais e das nais engade unha importante dimensión á avaliación ao ampliar información sobre as experiencias educativas do/da estudante e o seu contorno familiar. Por iso, para calcular o ISEC do centro educativo, solicítaselle que conteste a un cuestionario de contexto. As respostas son fundamentais para o cálculo do ISEC, polo que é moi importante que conteste a todas as preguntas.

Todos estes datos son estritamente confidenciais. Teranse en conta para o cálculo do ISEC do centro pero non se revelará a identidade de ningunha persoa.

Este cuestionario pódese cubrir ata o día 20 de maio accedendo a:

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/cuestionarioavaliacions>

Clave de acceso: -----

Se a vostede lle resulta máis cómodo cubri-lo en papel, o centro educativo facilitaralle unha copia impresa a partir do día 27 de maio.

Agradecemoslle a súa atención e o seu interese en cubrir este cuestionario. Se desexa calquera aclaración, non dubide en poñerse en contacto co centro educativo.

Moitas grazas pola súa colaboración.

Vigo, 12 de Maio de 2015





Vigo, 17 de abril de 2015

CIRCULAR Nº 6 CURSO 2014-2015 A TÓDOLOS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

ACTUALIZACIÓN DE DATOS PARA O CURSO 2015/2016

Segundo o Decreto 254/2012, polo que se regula o procedemento de admisión de alumnado, unha vez sexa admitido o alumnado nun centro docente público, queda garantida a súa permanencia no mesmo ata a finalización das ensinanzas impartidas no mesmo, sen necesidade dun novo procedemento de admisión.

O único requisito que se realiza cara ao novo curso é a actualización de datos, motivada pola necesidade de coñecer as opcións de matrícula (concretamente da opción relixiosa) e ter unha certificación de que os datos persoais dos que dispón o Centro son os correctos. Nesta ocasión o impreso que vos achegamos xa contén cubertos algúns datos que poden ser modificados no caso de que exista algunha omisión ou variación.

É por elo que vos pedimos que poñades a maior atención e interese á hora de cubrir as follas que vos achegamos. Ademais deberase entregar copia da tarxeta sanitaria no caso de que fose modificada. Para tratar de resolver as dúbidas que podades ter dirixídevos á Secretaría do Centro.

SOLICITUDE DE USO DO SERVIZO DE COMEDOR. CURSO 2015/2016

Segundo a disposición adicional segunda da Orde do 12 de marzo de 2013 o alumnado con garantía de permanencia no centro que non teña que formalizar matrícula, deberá manifestar expresamente mediante escrito, ao longo do mes de abril de cada ano, que solicita utilizar o servizo de comedor.

Para dar cumprimento ao recollido no paragrafo anterior achegamos a folla de solicitude de uso do servizo de comedor. No caso de non solicitar o servizo de comedor, prégase entregar a folla sen cubrir nin asinar.

No devandito documento as familias deberán autorizar expresamente a utilización dos datos de identidade persoal, de verificación de residencia e a información tributaria que se precise. Esta información será subministrada á Consellería de Educación pola Plataforma de Intermediación de Datos e pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Documento de actualización de datos (folla rosa)
- Solicitude do servizo de comedor (folla branca)

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Do 22 ao 30 de abril de 2015.-

Entregarase na Secretaría do Colexio.

INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Aos efectos da normativa vixente sobre protección de datos (L.O. 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal) e medidas de seguridade dos ficheiros automatizados (R.D. 1720/2007), o CEP Dr. Fleming comunícalles que existe un ficheiro de datos de carácter persoal creado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ó que se incorporan os datos solicitados polo Centro nos procesos de reserva e solicitude de praza, matriculación e seguimento do alumnado.

Os datos persoais recollidos só serán tratados no exercicio das funcións propias das Administracións Públicas no ámbito das súas competencias. Os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos mesmos cando existan motivos fundados e lexítimos relativos a unha concreta situación persoal, sempre que non haxa impedimento legal.

O CEP Dr. Fleming comprométese a respectar o carácter segredo dos datos incluídos no ficheiro e a empregalos de acordo coa finalidade do mesmo, así como a dar cumprimento á súa obriga de conservación e a adoptar as medidas para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Igualmente o Centro dispón de arquivos de imaxes, relacionadas coa actividade escolar do alumnado que ten autorizado o uso mesma, susceptibles de aparecer na páxina web, revista ou noutras publicacións do colexio. As familias que se opoñan á súa divulgación ou desexen rectificar ou cancelar a autorización para o uso da imaxe dos seus fillos poderán exercitar o seu dereito mediante solicitude, escrita e asinada, dirixida ao Director do CEP Dr. Fleming; R/ Ourense, 15; 36211 – Vigo (Pontevedra)

O Director.-



Vigo, 27 de marzo de 2015

CIRCULAR Nº 5/2014-2015
A TÓDOLOS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

ENTREGA DE CUALIFICACIÓNS

O boletín informativo de cualificacións, correspondente ao segundo trimestre, envíase o día 27 de marzo, no interior dunha funda plástica co nome do alumno ou alumna. Esta funda deberá ser devolta ao profesorado titor xunto co resguardo do boletín onde figura a sinatura de recepción da nai, pai ou titores legais. O alumnado que extraviou ou non conservou a súa funda deberá adquirir outra para as posteriores comunicacións de resultados das avaliacións.

OBXECTOS PERSOAIS E PUNTUALIDADE DO ALUMNADO

Seguimos a ter almacenada no colexio unha cantidade importante de prendas de roupa que deixaron abandonadas os alumnos e alumnas durante este trimestre; no caso de que non sexan reclamadas antes de finais do mes de abril procederase ó seu traslado a un contedor de roupa usada.

Novamente hai que insistir no tema da puntualidade, unha mínima parte do alumnado chega tarde de forma reiterada ao colexio, o que interrompe o normal funcionamento da aula. Lembrade que se considera falta de asistencia a clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase.

O alumnado que chegue tarde ao centro deberá facelo acompañado dun adulto que xustifique a súa demora na secretaría do centro. Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas nos apartados anteriores, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non.

CALENDARIO ESCOLAR

As vacacións de Semana Santa abranguen desde o 30 de marzo ata o 6 de abril de 2015, ambos os dous inclusive.

Segundo o calendario que xa vos fixemos chegar ao inicio de curso, non será lectivo o día 4 de maio de 2015.

MATERIAL DE USO TRIMESTRAL

O libro correspondente ao segundo trimestre será entregado ao alumnado, non tendo que devolvelo. O correspondente ao terceiro trimestre no caso de non estar xa no colexio deberán achegalo no mes de abril ao inicio das clases.

ACCESO AO CENTRO POLAS TARDES

Os martes de 16:00 a 17:00 h. son os días en que as familias, previa cita co profesorado correspondente, poden acceder ás aulas dos seus fillos.

O resto dos días o acceso ao centro en horario de tarde só está permitido para profesorado do centro, monitores e alumnado que realiza ese día e a esa hora algunha actividade extraescolar. A entrega e recollida do alumnado debe facerse nas portas de entrada ao colexio.

O profesorado que supervisa as actividades extraescolares as tardes dos luns, mércores, xoves e venres non dispón de chaves para abrir as aulas polo que aqueles alumnos que deixaron algunha cousa nas mesmas deberán recollela cando se inicie a seguinte xornada escolar.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP Dr. Fleming

CEP Dr. Fleming

Rúa Ourense, 15 C.P: 36211 VIGO
Teléfono: 986. 415447 Fax: 986. 413903
cep.fleming@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cepflaming>

Vigo, 28 de xaneiro de 2015

CIRCULAR INFORMATIVA Nº 4/2014-2015
RESERVA DE PRAZA EN CENTRO ADSCRITO
(CEP Dr. FLEMING-IES DO CASTRO)
CURSO 2015-2016

CONVOCATORIA DE REUNIÓN INFORMATIVA

Os Equipos Directivos do C.E.P. Dr Fleming e do IES do Castro, **CONVOCAN** ós pais e nais do alumnado de 6º curso a unha reunión informativa

Esta reunión quere ser unha primeira toma de contacto coa nova etapa educativa, polo que é importante que nela formuledes as vosas dúbidas sobre o funcionamento xeral do IES e, especialmente, sobre as materias do 1º curso.

Data e hora da reunión: Martes, 3 de febreiro de 2015, ás 17:00 horas.

Lugar: Sala de Usos Múltiples do CEP Dr. Fleming.

O Equipo Directivo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP Dr. Fleming

CEP Dr. Fleming

Rúa Ourense, 15 C.P: 36211 VIGO
Teléfono: 986. 415447 Fax: 986. 413903
cep.fleming@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cepflaming>

Vigo, 28 de xaneiro de 2015

CIRCULAR INFORMATIVA Nº 4/2014-2015
RESERVA DE PRAZA EN CENTRO ADSCRITO
(CEP Dr. FLEMING-IES DO CASTRO)
CURSO 2015-2016

CONVOCATORIA DE REUNIÓN INFORMATIVA

Os Equipos Directivos do C.E.P. Dr Fleming e do IES do Castro, **CONVOCAN** ós pais e nais do alumnado de 6º curso a unha reunión informativa

Esta reunión quere ser unha primeira toma de contacto coa nova etapa educativa, polo que é importante que nela formuledes as vosas dúbidas sobre o funcionamento xeral do IES e, especialmente, sobre as materias do 1º curso.

Data e hora da reunión: Martes, 3 de febreiro de 2015, ás 17:00 horas.

Lugar: Sala de Usos Múltiples do CEP Dr. Fleming.

O Equipo Directivo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP Dr. Fleming



Rúa Ourense, 15 C.P: 36211 VIGO
Teléfono: 986. 415447 Fax: 986. 413903
cep.fleming@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cepflaming>

Vigo, 23 de xaneiro de 2015

CIRCULAR INFORMATIVA Nº 3/2014-2015
RESERVA DE PRAZA EN CENTRO ADSCRITO
(EEI VILALAURA-CEP Dr. FLEMING)
CURSO 2015-2016

CONVOCATORIA DE REUNIÓN INFORMATIVA

O Equipo Directivo do CEP Dr. Fleming convoca ás familias do alumnado escolarizado no 6º curso de educación infantil na EEI Vilalaura á reunión de presentación do centro no que os seus fillos e fillas poderán cursar a etapa de educación primaria.

Data e hora da reunión: Mércores, 28 de xaneiro de 2015, ás 17:00 horas.

Lugar: Sala de Usos Múltiples do CEP Dr. Fleming.

RESERVA DE PRAZA

- As familias do alumnado actualmente matriculado no 6º curso na EEI Vilalaura cumprimentarán o documento identificado como ANEXO I, para solicitar a reserva de praza para o curso 2015-2016 no centro adscrito (1º de Educación Primaria no CEP Dr. Fleming).
- O prazo para efectuar a reserva de praza será, segundo a Orde pola que se desenvolve o procedemento para admisión do alumnado, do 1 ao 15 de febreiro de 2015.
- O alumnado que non entregue a documentación no prazo sinalado perderá o seu dereito prioritario para a reserva de praza no centro de adscrición e terá que realizar a solicitude de admisión do 1 ao 20 de marzo xunto co alumnado doutros centros que teñan interese en solicitar este centro.
- Entregarase na Secretaría da EEI Vilalaura a seguinte documentación:
 - Anexo I, asinado pola nai e o pai ou titores legais do alumno ou alumna solicitante (ámbolos dous).Se é o caso, documentación xustificativa da solicitude dunha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Durante a segunda quincena do mes de febreiro publicarase no taboleiro de anuncios da EEI Vilalaura a relación de alumnado que solicitou a reserva de praza para o 1º curso de Educación Primaria no CEP Dr. Fleming.
- Durante o mes de xuño enviaranse as instrucións para a formalización da matrícula (do 20 ao 30 de xuño de 2015).

COMEDOR

- No caso de estar interesados polo servizo de comedor escolar, deberán indicalo no documento de reserva (Anexo I).
- Durante o mes de xuño deberán formalizar a solicitude de admisión no comedor, que dependerá da existencia de prazas e da baremación das solicitudes dos novos usuarios.

O Director



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP Dr. Fleming

CEP Dr. Fleming

Rúa Ourense, 15 C.P: 36211 VIGO
Teléfono: 986. 415447 Fax: 986. 413903
cep.fleming@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cep Fleming>

Vigo, 19 de decembro de 2014

CIRCULAR Nº 2/2014-2015
A TÓDOLOS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

ENTREGA DE CUALIFICACIÓNS

O boletín informativo de cualificacións, correspondente ao primeiro trimestre, envíase no interior dunha funda plástica co nome do alumno ou alumna. Esta funda deberá ser devolta ao profesorado titor xunto co resguardo do boletín onde figura a sinatura de recepción da nai ou pai. O alumnado que extraviou ou non conservou a súa funda deberá adquirir outra para as posteriores comunicacións de resultados das avaliacións.

REMATE DO TRIMESTRE

O día 22 de decembro iníciase o período de vacacións de Nadal, a actividade lectiva reiniciarase o xoves 8 de xaneiro de 2015.

Cómpre insistir en que no colexio queda moita roupa do alumnado, revisade os armarios por se botades algo a faltar, a finais do mes de xaneiro a que permaneza no colexio depositarase nun contedor de roupa usada para a súa reciclaxe.

MATERIAL DE USO TRIMESTRAL

Os libros correspondentes ao primeiro trimestre serán entregados ao alumnado, tendo que devolver ao remate do curso os comprados coas axudas para a adquisición de libros de texto (excepto o alumnado de 1º e 2º curso, así como o de educación especial e aquel cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, nos casos en que o material adquirido con cargo a axuda non poida ser reutilizado). Os correspondentes ao segundo trimestre, no caso de non estar xa no colexio, deberán achegalos no mes de xaneiro ao inicio das clases.

PUNTUALIDADE E ASISTENCIA

Agradecemos o grao de implicación das familias en canto a comunicación de faltas de asistencia e puntualidade. Sen embargo seguen existindo casos puntuais de reiteración de faltas de puntualidade, polo que insistimos en que o alumnado que chegue tarde ao centro (despois das 09:05 h.) deberá facelo acompañado dun adulto que xustifique a súa demora mediante os documentos administrativos do Centro.

ACCESO AO CENTRO POLAS TARDES

Os martes de 16:00 a 17:00 h. son os días en que as familias, previa cita co profesorado correspondente, poden acceder ás aulas dos seus fillos.

O resto dos días o acceso ao Centro en horario de tarde só está permitido para profesorado do centro, monitores e alumnado que realiza ese día e a esa hora algunha actividade extraescolar. A entrega e recollida do alumnado debe facerse nas portas de entrada ao colexio.

O profesorado que supervisa as actividades extraescolares as tardes dos luns, mércores, xoves e venres non dispón de chaves para abrir as aulas polo que aqueles alumnos que deixaron algunha cousa nas mesmas deberán recollela cando se inicie a seguinte xornada escolar.

En nome de todo o persoal do CEP Dr. Fleming fágovos chegar os nosos mellores desexos para o ano 2015.

O Equipo Directivo.-

Vigo, 19 de setembro de 2014

CIRCULAR INFORMATIVA Nº 1/2014
A TÓDOLOS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS
(MOI IMPORTANTE)

1.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

A partir do mércores, día un de outubro comezarán as actividades extraescolares no colexio, no horario que figura na programación das mesmas.

COMEDOR:

A Consellería de Educación adxudicou o servizo de comedor á empresa PUMBARIÑO S.L

Os cambios de menús por dietas brandas ou outras causas, así como as ausencias ao comedor deberán ser comunicados á secretaría do centro antes das 9:30 horas.

2.- CALENDARIO ESCOLAR.- Períodos de vacacións (D.O.G. do 26 de xuño de 2014)

- ❖ Nadal: desde o día 22 de decembro de 2014 ata o 7 de xaneiro de 2015, ambos os dous inclusive.
- ❖ Semana Santa: desde o día 30 de marzo ata o 6 de abril de 2015, ambos os dous inclusive.
- ❖ Entroido: días 16, 17 e 18 de febreiro de 2015
- ❖ Serán non lectivos o día do ensino (31 de outubro de 2014), e os días 3 de novembro de 2014 e 4 de maio de 2015 (pendentes de aprobación polo Consello Escolar).

Sempre que se produzan alteracións no calendario escolar oficial recibirán información escrita por medio dos nenos e nenas.

3.- AVALIACIÓNS

As familias recibirán, durante o presente curso, información sobre as cualificacións dos alumnos nas seguintes datas: *1ª Avaliación: 19 de decembro de 2014, 2ª Avaliación: 27 de marzo de 2015, 3ª Avaliación: 19 de xuño de 2015*

Lembren que os boletíns envíanse nunha funda plástica que os alumnos deberon conservar do ano anterior. As familias deberán devolver, debidamente asinadas, as matrices dos boletíns informativos das avaliacións no interior da funda. A reposición das fundas non será responsabilidade do colexio.

Os pais/nais que non estean de acordo coa cualificación asignada ó seu fillo/a ao final dun ciclo/nivel poderán presentar *no prazo de cinco días hábiles* unha reclamación por escrito ante o Director, na que explique as razóns nas que fundamenta a súa solicitude.

4.- VISITAS E ENTREVISTAS

□ Visitas ós mestres-titores

As entrevistas individuais cos titores terán lugar os martes, en horario de 16:00 a 17:00 horas, na mesma aula que corresponda ao alumnado.

Para proporcionarlles unha mellor atención, as visitas deberán ser concertadas con antelación, por medio dos nenos ou dunha sinxela nota de solicitude. Convén que as entrevistas persoais pais/nais-mestres sexan frecuentes para tratar as cuestións particulares de cada alumno.

Nos casos de urxencia e/ou imprevistos poden acudir directamente á Secretaría do Colexio.

□ Reunións xerais de titoría

Nestas reunións só se tratarán cuestións de interese xeral para o desenvolvemento dos distintos agrupamentos educativos. As familias que, por calquera motivo, non poidan asistir ás reunións xerais de titoría deberán concertar unha entrevista co profesor titor antes do 31 de outubro de 2014.

1º curso día 23 de setembro, ás 18:00 horas
2º: curso día 23 de setembro ás 16:00 horas
3º curso día 30 de setembro ás 17:00 horas

4º curso día 30 de setembro ás 17:00 horas
5º curso día 23 de setembro ás 16:30 horas
6º curso día 23 de setembro ás 17:30 horas



□ Visitas ós membros do equipo directivo

Director: Martes, xoves e venres de 09:00 a 09:50 horas.
Xefa de estudos: Luns, Martes e mércores de 13:10 a 13:50 horas.
Secretaría: Mércores, xoves e venres de 10:10 a 10:50 horas.

□ Administración e servizos

Secretaría: Tódolos días de 09:00 a 13:00 horas.
Pago de facturas: Mércores de 12:00 a 13:00 horas.
Comedor: (Altas, baixas e incidencias) Tódolos días de 09:00 a 09:30 horas

5.- FALTAS DE ASISTENCIA E/OU PUNTUALIDADE

Cando, por calquera motivo, un alumno teña que faltar a clase ou chegar tarde deberán comunicarllo ao titor e xustificalo mediante o modelo entregado nas Secretaría/titorías, que poderán enviar polo propio alumno. As portas do Centro quedarán pechadas ás 09:05 horas, o alumnado que chegue máis tarde terá que vir acompañado por un adulto e xustificar a demora na Secretaría. A reiteración das faltas de asistencia e puntualidade serán susceptibles da aplicación das medidas recollidas pola Xunta de Galicia no protocolo para a prevención do absentismo escolar.

Mensualmente, a partir do mes de outubro, as familias recibirán a través dos seus fillos o “Informe mensual de faltas de asistencia”. A parte inferior deste informe deberán devolvela asinada á súa titora.

6.- SEGURIDADE DOS ESCOLARES

Os familiares e demais acompañantes do alumnado non poderán acceder ás aulas, corredores ou patios sen a debida autorización dalgún membro do equipo directivo, desta autorización terá que estar informado o profesor interesado.

O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar co permiso do director ou persoa en quen delegue, e sempre que se fagan cargo deles os pais ou persoa, maior de idade, debidamente autorizada quen deberá asinar no correspondente modelo de saída que lle facilitará o profesor ou que poderá solicitar na Secretaría.

Prégase a máxima puntualidade nas entradas e saídas, procurando evitar as aglomeracións diante das portas.

INSISTIMOS na especial atención que deberán poñer as familias na recollida do alumnado á hora de saída do comedor (16:00 horas) xa que ademais de poñer en risco a seguridade do alumnado a reiteración no incumprimento da obriga de facerse cargo da recollida do usuario no horario previsto podería ser causa de exclusión do servizo de comedor, tal e como figura no regulamento do mesmo.

Lémbrese que, nas actividades da tarde, o desprazamento entre os patios e o colexio é responsabilidade das familias, agás no caso do alumnado de comedor que teña actividades que se realicen no centro ás 16:00 horas.

O alumnado non poderá acceder ó Centro sen que estea presente o correspondente monitor.

7.- ACCESO AO CENTRO EN HORARIO DE TARDE

Os martes de 16:00 a 17:00 h. son os días en que as familias, previa cita co profesorado correspondente, poden acceder ás aulas dos seus fillos.

O resto dos días o acceso ao Centro en horario de tarde só está permitido para os monitores e o alumnado que realiza ese día e a esa hora algunha actividade extraescolar. A entrega e recollida do alumnado debe facerse nas portas de entrada ao colexio.

Lembrar que o profesorado que supervisa as actividades extraescolares as tardes dos luns, mércores, xoves e venres non dispón de chaves para abrir as aulas polo que aqueles alumnos que deixaron algunha cousa nas mesmas deberán recollela cando se inicie a seguinte xornada escolar.

8.- ATENCIÓN SANITARIA DOS ESCOLARES

En caso de accidente porase de inmediato en coñecemento da familia para proceder segundo sexa o caso. Para actuar en caso de emerxencia é necesario que todas as familias teñan actualizados os datos que se solicitan na folla de matrícula.

Está totalmente prohibido a venda, publicidade, distribución e consumo de tabaco, bebidas alcohólicas e calquera outra sustancia tóxica no interior das dependencias do Centro.

9.- ACHEGÁMOS AO DORSO CALENDARIO ESCOLAR.

Aproveito a ocasión para, en nome de todo o persoal que traballamos no CEP Dr. Fleming, saudalos afectuosamente.

O Director



Calendario Escolar 2014 - 2015

SETEMBRO							2014	OUTUBRO						
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4	5
8	9	10	11	12	13	14		6	7	8	9	10	11	12
15	16	17	18	19	20	21		13	14	15	16	17	18	19
22	23	24	25	26	27	28		20	21	22	23	24	25	26
29	30							27	28	29	30	31		

NOVEMBRO							2014	DECEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D
					1	2		1	2	3	4	5	6	7
3	4	5	6	7	8	9		8	9	10	11	12	13	14
10	11	12	13	14	15	16		15	16	17	18	19	20	21
17	18	19	20	21	22	23		22	23	24	25	26	27	28
24	25	26	27	28	29	30		29	30	31				

XANEIRO							2015	FEBREIRO						
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4								1
5	6	7	8	9	10	11		2	3	4	5	6	7	8
12	13	14	15	16	17	18		9	10	11	12	13	14	15
19	20	21	22	23	24	25		16	17	18	19	20	21	22
26	27	28	29	30	31			23	24	25	26	27	28	

MARZO							2015	ABRIL						
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D
2	3	4	5	6	7	1/8				1	2	3	4	5
9	10	11	12	13	14	15		6	7	8	9	10	11	12
16	17	18	19	20	21	22		13	14	15	16	17	18	19
23	24	25	26	27	28	29		20	21	22	23	24	25	26
30	31							27	28	29	30			

MAIO							2015	XUÑO						
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3		1	2	3	4	5	6	7
4	5	6	7	8	9	10		8	9	10	11	12	13	14
11	12	13	14	15	16	17		15	16	17	18	19	20	21
18	19	20	21	22	23	24		22	23	24	25	26	27	28
25	26	27	28	29	30	31		29	30					